



ÁREA DE DEPORTES
Centro cívico Ramón Millarengo
Xeneral Morgado, 24
Tlfno. 981- 494431
15510 Neda

XXII GALA DO DEPORTE CONCELLO DE NEDA

1. Mellor deportista

- Recoñecemento ao mellor deportista do Concello de Neda en base aos resultados obtidos durante a tempada 2022-23.

2. Mellor promesa masculina e feminina

- Distinción para deportistas menores de idade que acadaron resultados destacados durante a 2022-23 e que segundo a súa traxectoria deportiva contan con posibilidades de consolidarse nun futuro como grandes deportistas.
- Distinguirase a mellor promesa tanto masculina como feminina.

3. Mencións especiais

- Dirixidas a equipos, adestradores, directivos, entidades públicas uo privadas e agrupacións relacionadas co deporte no concello de Neda, e que destaquen polo seu labor en canto a promoción, apoio, e desenvolvemento do deporte.

4. Requisitos dos participantes

- Poderán optar aos premios deportistas residentes no Concello de Neda ou con algún tipo de vinculación co Concello: persoal, laboral, familiar, de nacemento ou deportiva.

5. Normas para a elección dos galardonados

- Entenderase como modalidade deportiva aquelas recoñecidas polo CSD.
- Soamente valoraranse os resultados de deportistas federados.
- En caso de ter especial relevancia poderase establecer galardóns para diferentes especialidades dentro dunha mesma modalidade deportiva.
- Para a elección dos galardoados o Concello de Neda poderá solicitar a información que estime necesaria á federacións, clubs ou entidades deportivas.

6. Presentación de candidaturas

- Poderá formular propostas calquera persoa física ou xurídica, asociacións, centros educativos, organismos ou entidades públicas e privadas, relacionadas coa actividade física e o deporte no Concello de Neda
- As propostas, se presentarán a través da **Sede electrónica Municipal do Concello de Neda no modelo de anexo** que se xunta a estas bases (Anexo I).
- Deben acompañarse da documentación e información que acredite os méritos polos que concorren os candidatos.
- Xunto coa proposta deberán enviar dúas fotos ao correo: escolasneda@gmail.com / correo@neda.gal
- O prazo de presentación de candidaturas será de **10 días naturais** dende o día seguinte a súa publicación na páxina web do Concello.
- A presentación de candidaturas implica a total aceptación das normas de participación así como o ditame do xurado.

7. Xurado

- O Xurado será nomeado pola xunta de goberno local a proposta da concelleira de deportes e igualdade.
- O Ditame do xurado cos galardonados será publicado na páxina web do Concello de Neda.

ANEXO I

XXII GALA DO DEPORTE CONCELLO DE NEDA			
Proposta para a distinción de:			
Modalidade deportiva:			
Persoa ou entidade proponente:			
DNI/CIF		Tlf:	

DATOS DO DEPORTISTA PROPOSTO			
Nome e apelidos:			
Data de nacemento:		Lugar:	
Enderezo:			
Localidade:		C. Postal:	
Teléfono:		Correo electrónico	
Club actual:			
Data de alta no club actual:			
RESULTADOS MÁIS RELEVANTES (TEMPADA 2022-23)			

--

BREVE CURRÍCULO

En Neda a		de		de 2024
-----------	--	----	--	---------

Asdo:

INFORMACIÓN BÁSICA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento dos seus datos: Área de Deportes do Concello de Neda sita na Avenida Alxeciras, 34, 15510 Neda (A Coruña).

Finalidade: recoller datos persoais (nome, apelidos, DNI/CIF, teléfono, correo electrónico) para a Gala do Deporte 2024.

Lexitimación: RGDP

a) Artigo 6.1.a) consentimento do interesado para o tratamento dos seus datos persoais para as finalidades descritas.

Prazo de conservación: Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron recollidos.

Destinatarios: Participantes.

Transferencia de datos: Non se proporciona.

Dereitos e información adicional: Así mesmo, no caso de que o interesado queira exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de portabilidade ou oposición, deberá facelo mediante escrito remitido á Área de Deportes do Concello de Neda, achegando, en todo caso, o xustificante que lle permita acreditar a súa identidade no seguinte enderezo electrónico correo@nega.gal. Así mesmo, o interesado poderá presentar reclamación ante a autoridade de control.